

Estimados/as colegas:

O grupo de traballo de Química ponse en contacto con vós neste novo curso, para informarvos que non hai cambios nas orientacións nin no modelo de exame de cara ás ABAU 2021 xa que se manterán os do curso pasado.

Na páxina web da CiUG na materia de Química (<https://ciug.gal/gal/abau/quimica>) poderedes atopar, ademais desta circular, toda a información relativa ás probas nos seguintes enlaces/arquivos:

- **Orientacións**. Non varían en relación coas do ano pasado. Engloban unhas consideracións previas e orientacións, para cada bloque da materia, elaboradas polo grupo de traballo para a proba ABAU, a partir dos estándares de aprendizaxe.
- **Indicacións para a formulación**. Entendidas como de mínimos de cara á proba ABAU e que tampouco varía en relación coas do ano pasado.
- **Modelo de exame**. Mantense o modelo e estrutura do ano pasado. Recordarlle os alumnos que os datos necesarios para a resolución dalgunha das preguntas atópanse nun recuadro na parte inferior do exame.
- **Criterios xerais de corrección**. Criterios que deben ter claro os alumnos antes da realización da proba. Revisade ben os criterios xa que fixemos un par de modificacións en relación cos do ano pasado: reduciuse a porcentaxe de penalización por erro de cálculo e se fixo unha aclaración na valoración do segundo apartado das preguntas.
- **Libro de prácticas**. Libro que elaborou o Grupo de Traballo hai uns anos, e que recolle a maioría das prácticas aínda que hai prácticas que xa non se contemplan nas orientacións.
- **Táboa periódica**. Non varía en relación coa do curso pasado.
- **Valoracións das ABAU 2020**. Resume dos resultados da proba que inclúe os erros máis comúns nas respostas dos alumnos nas dúas convocatorias: xullo e setembro 2020. Esta información sácase do informe que cada un dos correctores de Química fai despois de corrixir os exames. O grupo de traballo considera que este resumo é moi importante e servirá de axuda para todos vós, xa que se seguen detectando os mesmos erros ano tras ano.
- **Exames anos anteriores** (<https://ciug.gal/gal/abau/exames>). Neste apartado atópanse os exames, criterios e solucións de convocatorias anteriores (pdf os tres últimos anos e en arquivo zip os exames anteriores á LOMCE).

Unha vez máis, quedamos á vosa disposición para calquera consulta, aclaración ou suxestión e moito ánimo para este curso.

Recibide un cordial saúdo,  
O Grupo de Traballo